

As novas tecnoloxías, esenciais na redución de riscos ambientais asociados á acción humanitaria

10 Xul 2019



- ONU Medio Ambiente, co apoio do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados, puxo a proba un instrumento innovador (NEAT+) para a recolección de datos e a análise de riscos ambientais.
- A aplicación axuda ao persoal no terreo a identificar rapidamente os asuntos máis preocupantes para aumentar a eficiencia, a responsabilidade e a sostibilidade das intervencións de urxencia ou recuperación.
- En 2019, os mesmos expertos que desenvolveron NEAT +, lanzaron o sitio web [Environment and Humanitarian Action Connect](#) [1], unha ferramenta dixital única que abarca o nexo humanitario-ambiental e constitúe o primeiro repositorio en liña integral sobre o vínculo entre ambos campos.

Cerceda, a 10 de xuño de 2019. - A complexidade das crises humanitarias aumenta a importancia de dispoñer de datos actualizados no propio terreo da acción que axuden a tomar decisións sensatas e sostibles desde a perspectiva social e ambiental.

Neste marco, ONU Medio Ambiente, co apoio do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados, puxo a proba, en decembro do ano pasado, un instrumento innovador para a recolección de datos e a análise de riscos ambientais. Trátase da Ferramenta de Avaliación Ambiental Nexus (NEAT +), cuxa principal característica é a súa simplicidade, xa que combina datos ambientais con aspectos específicos do sitio para analizar e sinalar automaticamente os riscos ambientais prioritarios.

A aplicación foi desenvolvida por oito organizacións como parte da Iniciativa Conxunta, un proxecto destinado a mellorar a colaboración entre os actores ambientais e humanitarios.

Así, NEAT+ axuda ao persoal no terreo a identificar rapidamente os asuntos máis preocupantes para aumentar a eficiencia, a responsabilidade e a sostibilidade das intervencións de urxencia ou recuperación.

NEAT+ traballa con base en [KoBo](#) [2], unha plataforma gratuita de recolección de datos de código aberto, creada pola Iniciativa Humanitaria de Harvard, que permite recompilar datos a través de teléfonos, tabletas ou computadoras. Unha vez rexistrados os datos, o programa xera automaticamente un informe en Excel onde clasifica o risco en alto, medio e baixo, e proporciona

información que pode axudar a mitigar os riscos.

Proximamente, NEAT+ tamén se apoiará en MapX, unha plataforma en liña, de código aberto e totalmente personalizable para acceder e visualizar datos ambientais xeoespaciais. Ofrece varias ferramentas para resaltar diferentes riscos ambientais como a deforestación, os perigos naturais e os riscos de inundacións.

En 2019, os mesmos expertos que desenvolveron NEAT +, lanzaron o sitio web [Environment and Humanitarian Action Connect](#) [1], unha ferramenta dixital única que abarca o nexo humanitario-ambiental e constitúe o primeiro repositorio en liña integral sobre o vínculo entre ambos campos.

Esta web é administrada e actualizada pola Unidade Conxunta de ONU Medio Ambiente e a Oficina da ONU para a Coordinación de Asuntos Humanitarios.

A través desta unidade, ambas axencias responden en conxunto ás dimensións ambientais das urxencias. Esta alianza axuda aos países afectados por desastres e crises, e traballa para mellorar a sostibilidade da acción humanitaria.

A unidade apoiou a case 100 países en máis de 200 misións, e celebra este ano o seu 25 aniversario.

Fonte e imaxe: ONU Medio Ambiente

Saúdos, Departamento de Comunicación



Source URL: <http://www.sogama.gal/gl/noticia/novas-tecnolox%C3%ADas-esenciais-na-reduci%C3%B3n-de-riscos-ambientais-asociados-%C3%A1-acci%C3%B3n-humanitaria>

Ligazóns

[1] <https://ehaconnect.org/>

[2] <https://www.humanitarianresponse.info/en/applications/kobotoolbox>